

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011592	IES Santa Irene	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a constante renovación que lle son propias dotan esta materia dunha gran relevancia educativa. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as ferramentas dixitais se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Polo tanto, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

A contribución desta materia ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en gran medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e enxeñería poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet.

A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das ferramentas dixitais para procurar e almacenar información, obter e presentar datos, simular sistemas, así como na elaboración de programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cidadá alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, reflexionando sobre a súa pegada dixital e analizando a interacción entre o desenvolvemento da dixitalización e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos.

A conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos da dixitalización en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

A materia de Educación Dixital trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios no ámbito dixital. Deste xeito, estrutúrase en catro bloques: «Dispositivos dixitais e sistemas operativos», «Creación e edición de información e contidos dixitais», «Pensamento computacional» e «Ética e seguridade dixital», os cales tratan aspectos moi relacionados entre si, que son necesarios para que o alumnado poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal.

O Instituto Santa Irene é un centro educativo público de ensino secundario da cidade de Vigo. Atópase na praza de

América, lugar sobranceiro da cidade e centro do barrio das Travesas. Conta cos recursos da aula-taller de tecnoloxía, as aulas de informática do centro e a aula abalar de cada grupo. A materia será impartida na súa totalidade polo profesor Alejandro Ocampo Ocampo nas tres sesións do único grupo existente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tengo todo controlado	Hojas de cálculo	7	9	X		
2	Puedo crear lo que quiero	Programación en Scratch	11	10	X		
3	Una solución en el móvil	App Inventor y Genially	16	16	X		
4	Me gusta llamar la atención	CANVA y operaciones básicas en los sistemas operativos	15	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	iNo!	Seguridad en la salud física y mental	10	10		X	
6	Vuelta alrededor del Mundo	Gimp y propiedad intelectual	8	12		X	
7	iYou shall not pass!	Seguridad en la red y Writer	16	13			X
8	Os presento mi operación	Arquitectura de los ordenadores e Impress	10	12	X	X	X
9	Somos un gran cerebro	formatos de archivos, almacenamiento de la información y Padlet	7	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tengo todo controlado	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alto, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 65%.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
2	Puedo crear lo que quiero	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 50%.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de estruturas básicas de programación. - Uso de datos. Constantes e variables.

UD	Título da UD	Duración
3	Una solución en el móvil	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 65%.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia media, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 45%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. - Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

UD	Título da UD	Duración
4	Me gusta llamar la atención	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia media, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 45%.	TI	100
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 65%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización. - Tratamento básico da imaxe dixital. 	

UD	Título da UD	Duración
5	iNo!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 60%.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede. 	

UD	Título da UD	Duración
6	Vuelta alrededor del Mundo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 65%.	TI	100
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia media, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 40%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Tratamento básico da imaxe dixital. - Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso. 	

UD	Título da UD	Duración
7	¡You shall not pass!	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 65%.	PE	60
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia baixa, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 35%.	TI	40
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia media, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 40%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. - Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais. - Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.

UD	Título da UD	Duración
8	Os presento mi operación	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia baixa, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 30%.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 65%.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración. - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.

UD	Título da UD	Duración
9	Somos un gran cerebro	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia baixa, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 25%.	TI	100
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 65%.		
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Asignándolle a este criterio de avaliación unha importancia alta, o alumno ou a alumna acadará o grado mínimo de consecución se ten, polo menos, unha calificación no mesmo dun 55%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade. - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarase unha metodoloxía activa con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos dixitais con metodoloxías que fomenten a resolución colaborativa e creativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina.

Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolvan problemas, afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promovera a liberdade de expresión o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de informática con ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). Utilizarase sempre software libre.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro.
Ordenadores portátiles. Non se dispón de un para cada alumno.
Biblioteca do centro.

Cada alumno/a tendrá acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopan instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2022/2023, o equipo docente elaborará, se é necesario, un plan de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2021/2022. Para a elaboración do plan é necesario que se faga unha proba inicial.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021/2022 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Tamén temos que considerar que valorar a diversidade é esencial para construír unha aprendizaxe máis significativa, gratificante e, consecuentemente, perdurable. Baixo estes precepto, o obxectivo non debe ser xulgar a cantidade de contidos que o alumnado lembra, senón indagar nas habilidades e destrezas adquiridas na súa formación previa.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	11	16	15	10	8	16	10	7	100
Proba escrita	0	0	0	0	0	0	60	40	0	14
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	40	60	100	86

Criterios de cualificación:

ESTILO DE AVALIACIÓN

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia e da etapa serán os criterios de avaliación. A relación destes cos obxectivos, unidades didácticas, competencias clave, contidos e grado mínimo de consecución quedan reflexados nesta programación nos puntos 2 e 3.

Tal e como indica a lexislación actual a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Debido ó anteriormente citado, e co fin de poder adaptarse ó alumnado e ás súas necesidades, clasificaranse os diferentes instrumentos de avaliación en dous tipos: probas principais e probas secundarias. As primeiras terán un peso dun 60% e as segundas dun 40% na nota do trimestre. Antes da realización de ditas probas, e con tempo suficiente, indícarase ó alumnado qué tipo de proba van realizar. A pesar de facer isto, tentarase que a ponderación de cada unidade didáctica se axuste o máximo posible aos pesos outorgados a cada unha delas no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media aritmética das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A pesares de que os pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación non coinciden exactamente con isto (debido a que os pesos na primeira, segunda e terceira avaliación son 34%, 33% e 33%, respectivamente), faise desta maneira para facilitar o cálculo e mellorar a claridade cara ó alumnado.

Se o resultado da cualificación pertencente a avaliación ordinaria tivera algún decimal, esta será redondeada ao número enteiro inferior máis próximo. Se este resultado fora menor de 5 considerarase que o alumno aprobou a materia se superou satisfactoriamente os obxectivos da materia e as competencias clave avaliadas.

Criterios de recuperación:

Nas últimas semanas do curso, o alumnado que non ten superada algunha avaliación da materia, terá que facer actividades de recuperación daqueles criterios de avaliación que non alcanzaran o grado mínimo de consecución indicados no apartado 3.3.. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, deberá realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse dúas probas escritas parciais en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación.
- Distribúese a materia do curso en dúas partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:
Media aritmética das probas escritas parciais 30% da cualificación.
Actividades realizadas ao longo do curso 70% da cualificación.

No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso.

Adoptaranse as medidas necesarias para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. As medidas rixiranse polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal e cooperación da comunidade educativa. As ditas medidas estarán orientadas a permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, polo que en ningún caso suporán unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte curso ou obter a titulación correspondente.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na normativa que o desenvolve.

Tratarase sistematicamente a atención da diversidade mediante a integración de programas de reforzo ou ampliación, así como de adaptación curricular, ademais de outras medidas conducentes a atender ás diferencias individuais con independencia de medidas como os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupo, é o apoio en grupos ordinarios.

Levarase unha metodoloxía inclusiva co obxectivo primordial de non deixar atrás a ninguén. Isto significa introducir na aula unha dinámica que permita ao alumnado sentirse cómodo, comprometido co seu aprendizaxe, motivado, non descolgado, desinteresado ou alleo. O aprendizaxe por tarefas ou proxectos, activo e colaborativo, así como a integración das TIC, desenvolven un papel clave para acadar isto.

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade ORDINARIAS:

- Organizativas:

* Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.

b) Espazos diferenciados.

c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.

* Desdobramento de grupos.

* Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.

- Curriculares:

* Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.

* Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

* Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

* Programa específico para alumnado repetidor da materia.

* Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

No relativo ás medidas de atención á diversidade EXTRAORDINARIAS:

- Organizativas:

* Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.

* De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).

* De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).

* Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.

- Curriculares:

- * Adaptacións curriculares na materia.
- * De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.
- * Alumnado con flexibilización na escolarización.
- * Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

As adaptacións curriculares serán levadas a cabo sempre que o equipo de profesores do grupo o estime oportuno. Cómpre salientar, respecto de cursos anteriores, que se integrará unha secuencia didáctica especificamente dirixida a mellorar a competencia dixital do alumnado. O obxectivo é que aprendan, de forma axeitada ao seu nivel e as súas necesidades, a metodoloxía do traballo en liña coa plataforma de aula virtual empregada no centro, de tal xeito que todo o alumnado a coñeza e traballe con ela con destreza e funcionalidade abondo.

Non se ten contemplado facer agrupamentos específicos nesta materia.

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma, así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura		X					X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X			X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X	X	X		X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X				X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X				X			X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X		X		X	
ET.8 - Igualdade de xénero		X	X		X			
ET.9 - Creatividade	X	X		X				X
ET.10 - Educación para a saúde			X		X			
ET.11 - Formación estética			X	X	X			
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable			X	X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais				X			X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.7 - Educación emocional e en valores	
ET.8 - Igualdade de xénero	
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Educación para a saúde	
ET.11 - Formación estética	
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Complementaria/Extraescolar	Actividades que se realizarán tanto dentro como fora do centro educativo.	X	X	X

Observacións:

Non é posible fixar aquí tódalas actividades complementarias e extraescolares que se van a realizar, xa que algunhas delas aínda non sabemos se serán viables e outras irán xurdindo a medida que avance o curso. A pesar disto, calquera proposta axudará a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

Aparte de obxecto de estudio en si mesmas, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación empregadas ao longo do curso constitúen unha ferramenta de traballo esencial para potenciar o traballo colaborativo. Por unha banda o traballo coa Aula Virtual do centro e co Google Workspace axudará ó alumnado a elaborar e tratar a información á hora de redactar traballos e informes de xeito colaborativo. Co seu uso, o alumnado familiarízase co proceso de deseño creativo.

Por outra banda é preciso que os alumnos adquiren certo grao de autonomía no seu aprendizaxe, e para isto deben ser quen de buscar, elaborar e contrastar información dispoñible a través de diversos canais. Un destes canais, indispensable hoxe en día está en internet a través das páxinas web. Complétase o conxunto ca utilización da páxina web do profesor, onde se lle facilita ó alumnado unha serie de recursos didácticos elaborados, que lle permitirán certo grao de interactividade, así coma unha secuenciación de contidos máis flexible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Los temas trabajados en clase consiguieron despertar mi interés y quería saber más sobre ellos.

Metodoloxía empregada
He estado motivado en clase y he afrontado las actividades con ganas.
He trabajado y he disfrutado con estilos de agrupaciones diferentes.
Se consiguió la participación activa de todo el alumnado.
Se han realizado diferentes tipos de actividades (agrupamientos, lugares, etc.).
Considero que los métodos de evaluación han sido adecuados.
Se ha valorado el trabajo diario.
Se han alcanzado los objetivos de materia de manera generalizada.
Se han alcanzado las competencias clave de manera generalizada.
Se ha alcanzado el grado mínimo de consecución en todos los criterios de evaluación de manera generalizada.
La metodología y los recursos utilizados se adaptaron a las actividades propuestas.
La temporalización se ajustó a las actividades y al alumnado, permitiendo una buena adquisición de objetivos y competencias.
Se potenciaron estrategias de animación a la lectura, en gallego y en inglés.
Se incorporaron las TIC a los procesos de enseñanza-aprendizaje.
Se tuvieron presentes los elementos transversales en todas las UDIs.
Se realizaron puestas en común tras la realización de las pruebas evaluativas principales.
Se ha logrado un buen trabajo interdisciplinar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
He dispuesto de material de refuerzo y ampliación siempre que lo he necesitado.
La duración de las actividades ha sido suficiente para su realización y comprensión.
Los espacios utilizados se adaptaron a las actividades propuestas.
Medidas de atención á diversidade
Se han tomado medidas adecuadas para los alumnos con necesidades específicas de apoyo educativo.
Se realizaron explicaciones para todo el alumnado, incluyendo atención individualizada cuando fuera necesaria.
Se ha tenido presente la atención a la diversidad en todas las actividades.
Se tuvo presente en las pruebas de evaluación la diversidad del alumnado.
Se realizaron medidas de refuerzo y ampliación ajustadas a los criterios de evaluación y al alumnado.

Clima de traballo na aula
Ha habido un ambiente en clase que ha propiciado la realización de preguntas al profesor.
Los estilos de agrupamiento se adaptaron a los tipos de actividades.
Se ofreció al alumnado de forma rápida los resultados de las pruebas, trabajos, etc.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Se ha contado con la implicación de las familias en el trabajo del alumnado.
Se ha mantenido un contacto periódico con la familia por parte del profesorado.
Outros
Se mostraron temas que no era capaz de entender con mis conocimientos previos.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro.

Na avaliación dos 14 primeiros indicadores de logro anteriores participará tamén o alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación non é un documento estático nin permanente, senón suxeito a unha constante revisión. Esta realizarase, obrigatoriamente, a principios do próximo curso, para corrixir aqueles aspectos que non desen o resultado esperado. Por outra banda, as reunións periódicas do Departamento constitúen o instrumento propio para a avaliación continua de tódolos aspectos referentes á marcha do curso, e proceder, de ser necesario, á súa revisión. Dita revisión realizarase tamén a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. Terase en conta tamén os resultados finais do alumando respecto ás competencias clave, criterios de avaliación e obxectivos de materia.

No inicio do curso 2022-2023 realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados